

BASES DA I COPA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL SALA (ANO 2018)

Desde fai máis de 25 anos a provincia de Lugo converteuse nun dos epicentros do Fútbol Sala a nivel nacional. Especialmente nas comarcas de Lugo, da Mariña ou da Terra Chá, desenvolveuse unha frenética actividade vinculada con este deporte tanto en categoría masculina coma feminina.

Non debemos esquecer que eventos tan relevantes nesta disciplina deportiva como a Copa de España, a Recopa de Europa, ou diferentes Campionatos de España de seleccións autonómicas tiveron a súa sede na nosa provincia.

Partindo desta base tan sólida, esta 1ª Edición da Copa Deputación de Fútbol Sala nace cun triple obxectivo: ser un aliciente máis para o desenvolvemento dun deporte con tanta tradición na provincia; apostar polos clubs modestos, xa que dispoñen dunha "canteira" de numerosos xogadores/as desde idades temperás e que ven nos seus primeiros equipos unha referencia para o futuro; e que o fútbol sala sexa o eixo fundamental para que inculcar unha serie de valores que os nosos mozos e as nosas mozas necesitan para a súa formación integral como persoas.

NORMAS XERAIS DA I COPA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL SALA

PRIMEIRA: As categorías e grupos de competición da Copa Deputación de Fútbol Sala son os que se definen a continuación:

FEMININO (EQUIPOS PARTICIPANTES NA TEMPADA 2017/2018) TOTAL: 10 EQUIPOS
<ul style="list-style-type: none">• LIGA AUTONÓMICA• 1ª GALICIA
MASCULINO (EQUIPOS PARTICIPANTES NA TEMPADA 2017/2018) TOTAL: 19 EQUIPOS
<ul style="list-style-type: none">• 2ª DIVISIÓN B• TERCEIRA DIVISIÓN• PREFERENTE GRUPO NORTE• 1ª GALICIA

SEGUNDA: Todos os equipos deberán ter cuberto o **ANEXO I (ficha de participación)** de **forma obrigatoria**. Do mesmo xeito, acompañando obrigatoriedade o ANEXO I, cumprirá achegar unha **certificación de conta bancaria** co nome do club ou entidade participante na competición. Na certificación debera figurar o **nome do representante**, ou representantes, do club ou entidade, como responsables autorizados da entidade participante. O certificado debe ser actual, é dicir, do ano 2018. Tamén deberán presentar unha copia do **NIF do club** ou entidade.

TERCEIRA: A Federación Galega de Fútbol e a Deputación determinan o sistema de competición, que obrigatoriedade deberán trasladar aos clubs participantes. **(Desenvolvemento e normas de competición)**.

CUARTA: Establécese a resolución no caso de empate ao final do encontro mediante o regulamentario lanzamento de penaltis, incluída a final.

QUINTA: A hora de comezo de cada encontro fixarase de acordo aos criterios que no seu caso establezan a Federación e os equipos participantes. Non entanto, ambos os clubs de común acordo poderán variala, debendo comunicarllo á Federación Galega de Fútbol ou á súa Delegación en Lugo dentro do prazo establecido regulamentariamente para tal fin.

SEXTA: Ao ser esta unha competición oficial, todos/as os/as xogadores/as que interveñan estarán regulamentariamente inscritos nos seus respectivos clubs e terán aboada a cota correspondente da Mutualidade de Futbolistas Españois.

SÉTIMA: Tanto no número de xogadores/as convocados, como no número de cambios a realizar en cada partido, estarase ao establecido pola respectiva federación en cada unha das categorías.

OITAVA: Os árbitros désígnalos o Comité Galego de Árbitros, procurando que sexan os da máxima categoría. O pagamento do recibo correspondente corre a cargo do equipo local, agás na final, no que cada club participante asumirá o 50% do seu custo.

NOVENA: Nesta competición NON se lle pode cobrar entrada a ninguén, sendo xa que logo, o acceso aos partidos libre para toda aquela persoa que desexe acudir a eles.

DÉCIMA: Das incidencias no desenvolvemento desta Competición entende o Comité de Competición de Federación Galega de Fútbol. Ante casos de indisciplina graves a Deputación de Lugo resérvase o dereito de adoptar medidas con carácter inmediato, agás aquelas de carácter deportivo que serán competencia da Federación.

UNDÉCIMA: Establécese que ao final do encontro o campión e subcampión da I Copa Excma. Deputación Provincial de Lugo das categorías sinaladas no apartado primeiro, reciban os trofeos correspondentes doados pola Deputación Provincial.

DUODÉCIMA: As distintas finais por categorías disputaranse na data e a hora que no seu caso se definan.

DÉCIMO TERCEIRA: Estas normas publicaranse na web da Deputación de Lugo.

DÉCIMO CUARTA: A Federación Galega de Fútbol deberá remitir á Deputación de Lugo, unha vez finalizado o torneo, declaración responsable na que se reflicta a relación de participantes, cos resultados en cada unha das categorías e con indicación de equipo local e visitante, e anexo coa asignación provisional de premios. Así mesmo, deberá acompañar a documentación reflectida nestas normas e relativa aos documentos precisos para a participación de todos e cada un dos clubs, e indicados no punto 2 das presentes normas.

DÉCIMO QUINTA: Dado que a Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte da Deputación Provincial lles aboará pola súa participación cantidades económicas en concepto de premio de acordo cos criterios establecidos aos equipos participantes, a non comparecencia voluntaria e sen causa ou motivo de forza maior de un club participante en algún dos partidos incluídos na competición, implicará a imposibilidade de percibir ningún importe en concepto de premio por participación na I Copa Deputación de fútbol sala. A non comparecencia deberá estar acreditada pola Federación.

NORMAS ESPECÍFICAS DA I COPA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL SALA

	Premio por participación. Por cada eliminatoria xogada como visitante (agás a final)	Premio por participación. Por cada eliminatoria xogada como local (agás a final)	Premios Económicos Finalistas *
MASCULINO	200 €	310 €	1º Clasificado: 1.000 € 2º Clasificado: 600 €
FEMI NINO	200 €	310 €	1º Clasificado: 1.000 € 2º Clasificado: 600 €

*Para facer máis dinámica a Copa Deputación, o sistema de competición será a partido único ata a final incluída.

*A cada un dos finalistas corresponderalle un trofeo e 15 medallas que serán doados pola Deputación de Lugo.

*O lugar de celebración das finais poderá alterarse en función das necesidades.

**MASCULINA**

	PARTIDOS	LOCAL	IMPORTE	VISITANTE	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
FASE PREVIA	3 (6 EQUIPOS)	3	930	3	600	1530
2ª FASE	12 (16 EQUIPOS)	12	3720	12	2400	6120
SEMIFINAIS	2 (4 EQUIPOS)	2	620	2	400	1020
						8.670 (MÁS FINAL +1000+600=)
						10.270

FEMININA

	PARTIDOS	LOCAL	IMPORTE	VISITANTE	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
FASE PREVIA	2 (4 EQUIPOS)	2	620	2	400	1020
2ª FASE	6 PARTIDOS (8 EQUIPOS)	6	1860	6	1200	3060
SEMIFINAIS	2 (4 EQUIPOS)	2	620	2	400	1020

5.100
(MÁS FINAL +1000+600=)6.700

TOTAL= 10.270 + 6700 = 16.970 EUROS